


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

6-7 de setembro do 2025

XXIII SEMANA DO TEMPO ORDINARIO C



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

♪ **nº 3** **Unha xuntanza de amor**

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

O camiño da fe é o resultado de dar vida a un evanxeo esixente. Non se trata de cumprir unhas normas, tampouco se trata de facer ben uns ritos, é moito máis, tanto como que implica unha maneira de vivir. Xesús proponnos estar dispostos a acarrexar a cruz, porque a vida non sempre vai ser un camiño sinxelo. Para Xesús vivir de verdade é tamén vivir cruces, medos, atrancos...

Isto pode parecer demasiado duro, porque a fe nunca debería poñer en risco a vida, pero o evanxeo esixe non ter medos, o evanxeo implica non fuxir das cruces.

Con Xesús non imos pretender cargar as nosas cruces na vida dos demais, ao contrario, vivir o evanxeo lévanos a compartir cos demais, aínda que isto implique moitas veces ter que cargar coa cruz.

Así nos facemos cribles e así o celebramos e vivimos neste compartir en comunidade.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Camiñar con Xesús é tarefa comprometida, e leva a carga da cruz. Nós queremos elixir os seus pasos, e confiados queremos pedir perdón:*

Monitor/a

- ✓ Moitas veces queremos vivir unha fe cómoda e acomodada e non estamos dispostos a cargar a cruz. Queremos unha fe fácil, por iso, Señor, téndenos a túa man
- ✓ Moitas veces queremos vivir a fe pero non estamos dispostos a dar unha man, non queremos complicarnos. Queremos unha fe sen compromiso, por iso, Cristo, téndenos a túa man
- ✓ Moitas veces queremos vivir a fe pero non estamos dispostos a cargar a cruz, queremos unha fe sen esforzos, con só ritos e rutinas, por iso, Señor, téndenos a túa man

Celebrante: *Deus Pai agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, dos que se senten marxinados e afundidos baixo a cruz da vida. A todos nos concede o Señor o perdón dos pecados, e a todos por Cristo Resucitado nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus no silencio as nosas intencións para esta semana na que a escola bota a andar nun novo curso.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus santo, que nos redimiches e nos adoptaches coma fillos e fillas, mira con bondade a esta túa familia, á que tanto amas e fai que cantos cremos na Palabra do teu Fillo, academos a liberdade e a paz que non ten remate. Pedímoscho por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *No evanxeo, Xesús, ensina que o seu seguimento acarrexará dificultades. Hai que estar disposto ao sacrificio, á renuncia, á cruz.*

Vivir hoxe o evanxeo sigue a supoñer o mesmo, como está pasando en Palestina. Unha cruz que ten que darnos vergonza e escandalizarnos.

No Leccionario I C páx 245 Sab 9, 13-19 LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DA SABEDORÍA

Que home de feito poderá coñecer o plan de Deus ou quen se decatará do que quere o Señor?.

Abofé, os pensamentos dos mortais son covardes e inseguros os nosos proxectos.

Porque o corpo corruptible pesa na alma e a tenda terrestre oprime a mente cavilosa.

Se con dificultade imaxinamos o que hai sobre a terra e con traballo atopamos o que está a man, quen pescudará o que hai no ceo?.

Quen coñecerá o teu consello se ti non lle dás sabedoría mandando o teu espírito santo desde o alto?.

Só deste xeito se endereitaron os vieiros dos terrestres, aprenden os homes o que é do teu gusto e son salvados pola Sabedoría.

Palabra do Señor

🎵 *nº 18* *Escoita ao Señor* *SALMO*

(*en pé*) *No Lecc I C páx 247* *Lc 14, 25-33* *EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Nunha ocasión que seguía a Xesús moita xente, volveuse a eles e díxolles:

- Se alguén me quere seguir e non está disposto a romper con seu pai e con súa nai, coa muller e máis cos fillos,

cos irmáns e coas irmás, e incluso coa súa propia vida, non pode ser discípulo meu. O que non carga coa súa cruz e me segue, non pode ser discípulo meu.

Pois, quen de vós, querendo construír unha torre, non se para a pensar no presuposto, a ver se a pode rematar? Non vaia ser que bote os alicerces e non a dea rematado e a xente que o vexa faga riso del, dicindo: "Este empezou a construír e non deu rematado".

Ou, que rei, que sae á guerra contra outro, non se senta primeiro a cavilar se lle chegarán dez mil homes para loitar contra vinte mil? E, se ve que non, cando aínda o ten lonxe, mándalle unha embaixada, pedindo condicións de paz.

Pois así, como non renunciades a todo o que tedes, non hai de vós quen poida ser discípulo meu.

Palabra do Señor

(*sentad@s*) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Que nos propón esta Palabra que vimos de escoitar?

Dinos Xesús que para seguilo hai que estar dispostos a pasar pola cruz.

E isto como e cando se fai?

- * pasamos pola cruz cando vemos o difícil que hoxe é educar no valor da renuncia e do sacrificio
- * pasamos pola cruz cando vemos como merma o comunitario e se impón o individualismo e cada un ao seu
- * pasamos pola cruz cando vemos o nada que vale a vida nas mesmas terras de Palestina onde Xesús fixo vida
- * pasamos pola cruz cando nos atopamos con veciños e veciñas maiores que se sinten un pouco deixados de lado
- * pasamos pola cruz cando vemos o difícil que é a paz
- * pasamos pola cruz cando vemos como as parroquias van esmorecendo, e faise difícil manter a esperanza nas aldeas do rural
- * pasamos pola cruz cando cremos contra toda esperanza, e estamos dispostos a seguir a Xesús.



7

PROFESIÓN DA FE

Celebrante *Despois de escoitar a túa Palabra renovamos sen medo a nosa fe porque a cruz e as cruces con Cristo son o exemplo de quen quere compartir e dar vida, por iso*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Credes en Deus Pai e Nai,
que nos ofrece a vida como camiño para conquistar futuro de gloria e fraternidade?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús Cristo,
que nos convida a non esconder as cicatrices, e a levar con honor e dignidade a cruz no noso camiñar seguindo as súas pegadas?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo,
que nos ofrece alento no seguimento de Xesús sen medo ás dificultades?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na Igrexa,
que quere esforzarse por peregrinar na historia seguindo os pasos do Señor, na esperanza da Vida máis alá da Cruz, na esperanza da PAZ máis alá da violencia?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

8

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Oremos a Deus Pai, que nos descubre en Xesús unhas actitudes que nos achegan e nos axudan nas dificultades da vida. Oremos dicindo:
NA CRUZ, AXÚDANOS SEÑOR

Monitor/a

- ✓ Pidamos por todos os cristiáns, para que camiñemos na vida cargando as cruces dos que xa non poden máis, oremos
- ✓ Pidamos polas persoas que, co seu afecto e cos seus xestos de tenrura alivian peso a quen está enfermo, a quen é marxinado, a quen é pobre, oremos
- ✓ Pidamos polas persoas de Palestina que a día de hoxe están percibindo a vida como sufrimento pola falta de alimento, e porque lle sobran violencias, oremos
- ✓ Pidamos polas persoas que teñen a responsabilidade de gobernar para que vexan sempre polos máis esquecidos: os refuxiados, as persoas maiores, os empobrecidos, oremos
- ✓ Pidamos por todas as persoas que sofren na cruz e merecen un mellor lugar na vida, oremos

Celebrante: Aléntanos, Señor, para atoparte á nosa beira cando o peso da cruz nos faga difícil camiñar, ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Non tememos un evanxeo esixente porque confiamos no Pai que nos ofrece a súa man, para coma o seu Fillo Xesús, ser vida para cantos están á nosa beira. Fágase a túa vontade dicimos agora, seguindo o exemplo de Xesús sen medo aos atrancos:

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de camiñar xuntos. Acollamos a man de Xesús no que está á nosa beira, así axudarémonos uns aos outros facendo máis livián o peso das cruces. Ensinóounolo Xesús, e fíxoo vivo na súa cruz. Fagámolo nós tamén porque as nosas mans queremos que sexan para PAZ.

🎵 **Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *A mesa do altar é a mesa onde o Señor se para, dirixe a súa mirada ao fondo de nós e lémbra-nos que coma o pan, el entrégasenos roto na cruz.*

Ditosos nós convidados a esta vida e a este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 *Na tardiña baixa da vida*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:


Señor, coa túa Palabra e co pan da vida, alimentas e das vida a cantos cremos en Ti.

Que estes dons nos sirvan de proveito, de tal xeito que nos contaxiemos do vivir do teu Fillo, que vence a cruz resucitando, e á túa beira vive e reina por sempre eternamente. Amén.

Xesús demostrounos que non hai que ter medo a que a cruz forme parte da vida.

Que as palabras coas que hoxe temos rezado nos sigan dando azos para vivir dando unha man aínda que nos custe esforzo.

Non esquezamos o diferente que é vivir querendo que os demais leven a nosa cruz, a vivir axudando nós a aliviar as cruces dos demais. Nós, fagámolo ben.



“O que non carga
a súa cruz
non pode ser
discípulo meu”

“Nós podemos
e queremos
dar unha man”

*Palabras de Xesús no
evanxeo de hoxe*

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana
e o Señor nos bendiga,† nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus*